



# FICHAS TÉCNICAS DE TRAMITACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓN EN CONCELLOS

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AMTEGA E A AETG PARA A  
POSTA EN MARCHA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA SOCIEDADE  
DA INFORMACIÓN  
ANO 2022



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Asociación  
de Enxeñeiros  
de Telecomunicación  
de Galicia



## Índice

<b>1</b>	<b>OBXECTO</b>	<b>3</b>
<b>2</b>	<b>ALCANCE</b>	<b>3</b>
<b>3</b>	<b>ANTECEDENTES</b>	<b>3</b>
<b>4</b>	<b>CONSIDERACIÓNS PRELIMINARES</b>	<b>3</b>
<b>5</b>	<b>DOCUMENTOS DE REFERENCIA</b>	<b>3</b>
<b>6</b>	<b>TERMINOLOXÍA E ABREVIATURAS</b>	<b>4</b>
<b>7</b>	<b>CONCELLO, TRÁMITES COMÚNS</b>	<b>5</b>
7.1.A	IMOS FACER UN PXOM (PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL) NOVO OU IMOS MODIFICAR UN EN VIGOR?	5
7.1.B	RECIBO UN PLAN DE DESPREGUE DUNHA OPERADORA DE TELECOMUNICACIÓNS	6
7.1.C	CREACIÓN DUNHA WEB	7
7.1.D	LICENZA DE OBRA CIVIL POR PARTE DAS OPERADORAS DE TELECOMUNICACIÓNS	8
7.1.E	DECLARACIÓN RESPONSABLE DUNHA OPERADORA DE TELECOMUNICACIÓNS PARA NOVA INFRAESTRUTURA	9
7.1.F	DECLARACIÓN RESPONSABLE DUNHA OPERADORA DE TELECOMUNICACIÓNS PARA ACTUALIZAR EQUIPOS	10
7.1.G	PETICIÓNS DE INFORMACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL	11
7.1.H	SOLICITUDE DE USO DE INFRAESTRUTURA MUNICIPAL	12
7.1.I	SOLICITUDE DE INFORMACIÓN DE OBRAS PREVISTAS NOS VINDEIROS MESES	13
7.1.J	SOLICITUDE DE COORDINACIÓN DE OBRAS CIVÍS	14
7.1.K	SOLICITUDE DE OBRA DE EDIFICACIÓN	15
<b>8</b>	<b>CONCLUSIÓNS</b>	<b>16</b>

## 1 Obxecto

O presente documento elabórase no marco do convenio de colaboración entre a Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) e a AETG (Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia) para a posta en marcha de actividades para o fomento da Sociedade da Información.

Por mor da necesidade dos concellos de ter un asesoramento de cara á tramitación dos Plans de Despregamento que están a recibir por parte das operadoras de telecomunicacións, e das necesidades das propias operadoras de presentación da documentación requirida, en tempo e forma axeitada, ante a Administración, a AETG, dentro do convenio de colaboración coa Amtega, elaborou a presente guía que recolle os trámites máis de acotío.

## 2 Alcance

Deste xeito, o alcance será contestar ás seguintes preguntas:

**Que teño que facer se son nun Concello?**

## 3 Antecedentes

Nos últimos anos a AETG elaborou diversos documentos de referencia en diversos formatos como presentacións e texto. Agora é o momento da elaboración desta guía que permitirá aos dous actores ter un resumo dos trámites máis comúns e habituais.

## 4 Consideracións preliminares

Coa finalidade de poder entender o presente documento, elabórase este apartado para a correcta comprensión desta guía.

## 5 Documentos de referencia

Decreto 127/2016, do 15 de setembro, polo que se regulan as infraestruturas necesarias para posibilitar as funcionalidades do fogar dixital nas vivendas de nova construción.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Lei 9/2014, de 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións.

Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Real Decreto 330/2016, de 9 de setembro, relativo a medidas para reducir o custo do despregue das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.



Orde ECE/529/2019, de 26 de abril, pola que se pon en funcionamento o Punto de Información Único establecido no Real Decreto 330/2016, de 9 de setembro, relativo a medidas para reducir o custo do despregue das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.

Resolución de 30 de maio de 2019, da Secretaría de Estado para o Avance Digital, pola que se especifica a dirección á que se refire o artigo 9.3 do Real Decreto 330/2016, de 9 de setembro, relativo a medidas para reducir o custo do despregue das redes de comunicacións electrónicas de alta velocidade.

## 6 Terminoloxía e abreviaturas

AETG: Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia.

Amtega: Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

PXOM: Plan Xeral de Ordenación Municipal.

## **7 Concello, trámites comúns**

### **7.1.A Imos facer un PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) novo ou imos modificar un en vigor?**

#### **7.1.A.a) Obxecto**

De acordo á Lei 9/2014, no seu artigo 35.2, cando o Pleno Municipal ten que aprobar un novo PXOM ou cómpre a súa modificación, é necesario obter un informe favorable do Ministerio de Industria, Energía y Turismo xa que os concellos deben incluír información das infraestruturas de telecomunicacións na elaboración do PXOM.

#### **7.1.A.b) Solicitudes**

Segundo o artigo 35.3, no futuro vaise establecer por Orde Ministerial como ten que ser o formato de solicitude para obter o informe favorable, pero no momento da elaboración deste documento (agosto de 2021) aínda non saíu publicada ningunha guía.

De momento, as solicitudes deben enviarse á SETID (Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales) mediante a sede electrónica das xefaturas provinciais de inspección de telecomunicacións.

A falta da solicitude do informe impedirá a aprobación do PXOM.

#### **7.1.A.c) Prazos**

O prazo para a resolución do Ministerio de Industria, Energía y Turismo é de tres meses. Se non obtemos resposta neste prazo, o silencio administrativo enténdese como favorable.

No caso que o Ministerio de Industria, Energía y Turismo indique que temos aspectos que subsanar, teremos un mes para a súa corrección e facer o envío de novo. Entón, o Ministerio de Industria, Energía y Turismo terá un mes para revisalo e se vén denegado o presente PXOM non poderá ser aprobado e será necesario elaborar un novo.



## **7.1.B Recibo un Plan de Despregue dunha operadora de telecomunicacións**

### **7.1.B.a) Obxecto**

Segundo a Lei 9/2014, no artigo 34.6, o Plan de Despregue é un documento onde o operador ten que ter previsión de supostos nos que vai facer despregamentos aéreos ou por fachadas de cable e equipos de telecomunicacións dunha zona ou concello.

No momento de elaboración desta documentación non está definido o formato nin o contido mínimo que ten que ter o Plan de Despregue, pero a propia Lei indica que no futuro as condicións técnicas exixidas pódense aprobar por medio de Real Decreto.

### **7.1.B.b) Solicitudes**

O operador de telecomunicacións ten que presentar por rexistro no concello o Plan de Despregue.

## **7.1.C Creación dunha web**

### **7.1.C.a) Obxecto**

Segundo o Real Decreto 330/2016, no seu artigo 9.1, as Administracións Públicas teñen que publicar na súa páxina web toda a información relativa ás condicións e procedementos aplicables para o despregamento de redes de telecomunicacións.

Cómpre facer a web xa que o Ministerio ten un PIU (Punto de Información Único) de permisos e licenzas para as operadoras, onde os concellos teñen que engadir as URL das súas webs coa finalidade de que as operadoras teñan máis sinxelo obter información das administracións locais.

### **7.1.C.b) Procedemento de rexistro da web municipal no PIU do Ministerio**

Segundo a Resolución de 30 de maio de 2019, da Secretaría de Estado para el Avance Digital, a web para engadir no PIU a web do Concello é:

<https://sedeaplicaciones.minetur.gob.es/piu/UI/Acceso/Permisos.aspx>

### **7.1.C.c) Ver a información pública da web do PIU**

Segundo a orde ECE/529/2019, a web pública de consulta no PIU é:

<https://sedeaplicaciones.minetur.gob.es/piu>

### **7.1.C.d) Prazos**

Segundo a Resolución de 30 de maio de 2019, da Secretaría de Estado para el Avance Digital, o Concello dispón de dous meses desde a publicación da Resolución para engadir a URL exacta no PIU do Ministerio.

## **7.1.D Licenza de Obra Civil por parte das operadoras de telecomunicacións**

### **7.1.D.a) Obxecto**

Unha operadora de telecomunicacións fai a petición de licenza de obra civil para instalar unha nova infraestrutura de telecomunicación có procedemento de autorización municipal xenérico.

Segundo a Lei 9/2014, no seu artigo 34.6, de acordo coa Lei 12/2012 no seu artigo 3.1, non se poderá exixir ao operador de telecomunicacións tramitar a licenza de obra excepto nos seguintes casos, onde será obrigatorio facer a petición da licenza de obra civil municipal e presentar o proxecto completo (segundo o artigo 143.3 da Lei 2/2016):

- Que teñan un impacto no patrimonio histórico-artístico (segundo o artigo 2.2 da Lei 12/2012).
- Que fagan uso privativo e de ocupacións de bens de dominio público (segundo o artigo 2.2 da Lei 12/2012).
- Que ocupen unha superficie maior de 300 m<sup>2</sup> nun terreo privado (segundo a disposición adicional terceira da Lei 12/2012). Neste artigo non se menciona expresamente 'privado' pero ten que engadirse xa que para terreos públicos non tería sentido xa que sempre que sexa no terreo público é unha excepción e cómpre pedir licenza.
- Nova instalación con impacto nos espazos naturais (segundo a disposición adicional terceira da Lei 12/2012).
- Nas obras que precisen dun proxecto técnico segundo a Normativa Estatal da Edificación ou que precisen un reforzo estrutural do inmovible onde vai a instalación (segundo o artigo 3.4 da Lei 12/2012 e artigo 142.2.a da Lei 2/2016).
- Obras en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas características singulares ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos (segundo o artigo 142.2.b da Lei 2/2016).
- Zonas de servidume aeronáutica segundo o Real Decreto 297/2013.
- Sempre que teñan traballos que precisen cemento.

No resto de casos non é obrigatorio obter a licenza de obra civil municipal por parte das operadoras de telecomunicacións que teñan presentado e aprobado o Plan de Despregue. Nestes casos bastará que o operador presente unha declaración responsable (segundo o artigo 34.6 da Lei 9/2014).

### **7.1.D.b) Prazos**

Segundo o artigo 143.2 da Lei 2/2016, a petición de licenza municipal ten que resolverse nun prazo máximo de tres meses e, en ningún caso, o silencio administrativo é sinónimo de licenza favorable (artigo 143.1 da Lei 2/2016).

### **7.1.D.c) Caducidade**

Segundo o artigo 145.1 da Lei 2/2016, o prazo de inicio das obras non pode ser superior aos seis meses e deberá rematar como máximo aos tres anos desde a resolución favorable da licenza municipal.

Os concellos poderán conceder prórrogas previa solicitude expresa.





## **7.1.E Declaración Responsable dunha operadora de telecomunicacións para nova infraestrutura**

### **7.1.E.a) Obxecto**

A través do rexistro recíbese unha Declaración Responsable dunha operadora de telecomunicacións para instalar unha nova infraestrutura de telecomunicacións.

Nos casos que non é exigible a licenza municipal de obra civil e o operador teña aprobado o Plan de Despregue polo propio concello, o operador poderá empezar os traballos unha vez teña enviado ao concello a declaración responsable segundo o artigo 34.6 da Lei 9/2014.

### **7.1.E.b) Prazos**

No momento que a operadora presenta a Declaración Responsable xa pode traballar e non precisa unha resposta do concello.



## **7.1.F Declaración responsable dunha operadora de telecomunicacións para actualizar equipos**

### **7.1.F.a) Obxecto**

Cando unha operadora de telecomunicacións precise realizar tarefas de actualizacións de innovación tecnolóxica ou adaptación técnica sen variar os elementos de obra civil e mastro, non será exigible a presentación de ningunha autorización, concesión, licenza ou declaración responsable (segundo o artigo 34.7 da Lei 9/2014).

## **7.1.G Peticións de información de infraestruturas de titularidade municipal**

### **7.1.G.a) Obxecto**

Segundo o artigo 5 do Real Decreto 330/2016, as operadoras de telecomunicacións teñen dereito a obter unha información mínima e a facer estudos sobre o terreo. Isto significa que as operadoras de telecomunicacións poden pedir información aos concellos sobre a localización exacta da infraestrutura de titularidade municipal, o seu grao de utilización e saber un punto de contacto ao que dirixirse (unha web ou enderezo electrónico). Ademais, as operadoras teñen dereito a ir o emprazamento *in situ* para asegurarse que a localización cumpre as expectativas.

### **7.1.G.b) Prazos**

Segundo o artigo 5.5 do Real Decreto 330/2016, os concellos están obrigados a atender as solicitudes nun prazo de dous meses desde a recepción da mesma.

Se non se está de acordo ou excédense os prazos, pódese interpoñer na CNMC (Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia) a exposición do conflito nun prazo máximo de dous meses desde a recepción de toda a información.

As solicitudes poden ser denegades de forma xustificada no caso de infraestruturas nacionais críticas ou de infraestruturas que non se consideren tecnicamente axeitadas para o despregamento da rede. Tamén poden ser denegadas no caso de motivos de defensa nacional, seguridade ou saúde pública. Os motivos de denegación por motivos técnicos serán determinados polo Ministerio de Industria, Energía y Turismo.

### **7.1.G.c) Contestación**

A contestación, segundo o artigo 5.4 do Real Decreto 330/2016, ten que ter o formato incluído no anexo I de dito Real Decreto.

## 7.1.H Solicitude de uso de infraestrutura municipal

### 7.1.H.a) Obxecto

Segundo o artigo 4 do Real Decreto 330/2016, o concello ten a obriga de atender as solicitudes en condicións equitativas e razoables que formulen as operadoras de telecomunicacións para facer uso de infraestrutura municipal. Segundo isto os concellos deben atender tódalas solicitudes das operadoras para facer uso da infraestrutura municipal existente e negociar o prezo do aluguer.

O concello non pode negociar o acceso a infraestruturas vinculadas coa defensa nacional ou a seguridade pública.

### 7.1.H.b) Motivos de denegación da solicitude

O artigo 4.5 do Real Decreto 330/2016 regula cando os concellos poden denegar o acceso a unha infraestrutura:

- Falta de idoneidade técnica. Este motivo ten que ser determinado polo Ministerio de Industria, Energía y Turismo.
- Falta de dispoñibilidade de espazo sempre que quede suficientemente demostrado.
- Riscos para a defensa nacional, seguridade pública ou saúde pública, seguridade vial ou protección civil.
- Riscos de integridade e seguridade dunha rede de infraestrutura nacional crítica.
- Riscos de interferencias graves.

### 7.1.H.c) Prazos

Segundo o artigo 4.7 do Real Decreto 330/2016, o concello ten un prazo de dous meses para dar resposta.

Se non hai acordo entre as partes (concello e operadora), pódese interpoñer un conflito ante a CNMC e esta resolverá as discrepancias nun prazo máximo de catro meses desde a recepción de toda a documentación (artigo 4.11 do Real Decreto 330/2016).

## **7.1.I Solicitude de información de obras previstas nos vindeiros meses**

### **7.1.I.a) Obxecto**

Segundo o artigo 7 do Real Decreto 330/2016, o concello ten que atender as peticións das operadoras a obter información sobre as obras en curso ou previstas nos vindeiros seis meses.

A operadora ten que facer a solicitude pola web do PIU.

### **7.1.I.b) Prazos**

O prazo máximo de resposta é de dúas semanas segundo o artigo 7.3 do Real Decreto 330/2016.

### **7.1.I.c) Contestación da solicitude**

Segundo o artigo 7.4 do Real Decreto 330/2016, o concello ten que contestar ao requirimento da operadora segundo o anexo II do citado Real Decreto.

O concello pode denegar a solicitude nos seguintes casos:

- A información xa sexa pública en formato electrónico (web por exemplo).
- A información estea publicada na web do PIU.
- Obras civís de importancia insignificante (menos de 10 m lineais de obra).

## 7.1.J Solicitude de coordinación de obras civís

### 7.1.J.a) Obxecto

Segundo o artigo 6 do Real Decreto 330/2016, un operador de telecomunicacións pode facer unha solicitude de coordinación de obra civil promovida polo concello (con fondos públicos) de obras en curso ou proxectadas. Isto significa que o concello terá que negociar as condicións e o prezo coas operadoras de telecomunicacións. Teranse que aceptar as solicitudes sempre que cumpran os requisitos seguintes:

- Non implique un custo adicional.
- Non impida o control da coordinación das obras.
- A solicitude sexa o antes posible.

### 7.1.J.b) Prazos

Segundo o artigo 6.7 do Real Decreto 330/2016, o prazo de resolución é dun mes desde a recepción da solicitude. No caso que non se chegue a acordo, pódese interpoñer un conflito ante a CNMC que no prazo de dous meses emitirá unha resolución.



## 7.1.K Solicitude de obra de Edificación

### 7.1.K.a) Obxecto

Segundo o artigo 3 do Real Decreto 346/2011, o proxecto ICT (Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións) é unha obriga en tódolos edificios e conxuntos inmobiliarios na que exista continuidade na edificación, de uso residencial ou non, e sexan de nova construción ou non, que estean acollidos ou deban acollerse ao réxime de propiedade horizontal regulado pola Lei 49/1960.

Tamén aplica o proxecto ICT en todo edificio que, todo ou parcialmente, vaian ser obxecto de aluguer por un prazo superior a un ano coa excepción que alberguen unha vivenda soamente.

Ademais, segundo o Decreto do DOG (Diario Oficial de Galicia) 127/2016 tódalas vivendas de nova construción na Comunidade Autónoma de Galicia situadas edificios ou conxuntos inmobiliarios que alberguen máis dunha vivenda e nos que exista una continuidade na edificación e estean acollidos ao réxime de propiedade horizontal regulado pola Lei 49/1960, terán que ter un proxecto de Fogar Dixital independente ou anexado ao proxecto ICT.

Deste xeito, as novas edificacións ou reformas que precisen de licenza de obra de edificación e apliquen os requisitos expostos, deberán acompañar á solicitude os proxectos de ICT e Fogar Dixital.

Estes proxectos deben estar elaborados e asinados por persoal técnico competente en materia de telecomunicacións.



## 8 Conclusións

Nesta memoria fíxose un repaso práctico dos trámites administrativos máis comúns desde o punto de vista da administración pública centrada na figura do concello no referente aos trámites máis relevantes a realizar.





Elaborado pola Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia



Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (www.aetg.gal), 2022

Esta obra licénciouse coa Licenza Creative Commons Atribución-CompartirIgual 4.0 Internacional.  
Para ver unha copia desta licenza, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>.